

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

NOTA PRENSA:

O Concello de Pontedeume poñerá en marcha o próximo domingo un novo servizo dirixido as familias eumesas con menores con diversidade funcional, co obxectivo de facilitar a conciliación persoal, familiar e laboral, así como, promover o desenvolvemento integral das nenas e nenos participantes..

O servizo funcionará todos os domingos, en horario de 17:00 a 19:00 horas, ofrecendo un espazo seguro e adaptado onde nenas e nenos poderán participar en actividades supervisadas e acompañadas por persoal especializado.

Ademais da conciliación, esta iniciativa busca:

- Fomentar a inclusión, creando un entorno no que todas as persoas participantes se sintan integradas.
- Desenvolver habilidades sociais, cognitivas e motoras a través de xogos e talleres adaptados.
- Apoiar o benestar emocional, promovendo a autoestima e a confianza das nenas e nenos.
- Favorecer a socialización, facilitando a interacción entre as persoas menores con distintas capacidades.

Con esta iniciativa que conta co apoio económico do Plan Corresponsables da Concellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, o Concello de Pontedeume reafirma o seu compromiso coa igualdade de oportunidades, a inclusión social e o benestar das familias.

